


# CECILIA MONLLOR

recomenda



Coordinadora dos Clubs de Lectura da Biblioteca Rialeada

AGOSTO 2020



## Thriller histórico

1

Un ano despois da morte do rei Gustavo III, os ventos da Revolución francesa chegan tamén a Suecia. A tensión pálpase en todo o país, convertido nun niño de conspiracións, suspicacias e receos. Nesta atmósfera irrespirábel, Mickel Cardell, un veterano da guerra contra Rusia, descobre un corpo atrocemente mutilado nun lago de Estocolmo

tamén en GALICIA LE



## Entre a novela e o ensaio

2

Cando aos seus 81 anos, Jay Mendelsohn decide inscribirse no seminario sobre “La Odisea” que imparte o seu fillo na universidade, non imaxinaba a aventura emocional e intelectual na que ambos ían embarcar. Para Jay, a volta ás aulas supón non só coñecer un dos grandes clásicos senón tamén entender ao seu fillo, prestixioso escritor, amante dos clásicos e homosexual

*Títulos dispoñibles na Biblioteca Central Rialeada  
e na Biblioteca “Rosalía de Castro” de Santa Cruz*



# CECILIA MONLLOR

recomenda



AGOSTO 2020

Coordinadora dos Clubs de Lectura da Biblioteca Rialeda




## Libro amable de verán

# 3

Dun día para outro, a felicidade de Mathilde vense abaixo cando o seu home lle comunica que vai deixar o apartamento. Mathilde comprende o terrible da frase. Como é posible que ese home ao que ten amado con loucura durante cinco anos xa non a ame? Como non afundirse fronte a un baleiro tan repentino como inaceptábel?

tamén en GALICIA LE 



## Ensaio para reflexionar

# 4

Un libro sobre a historia dos libros. A historia da súa fabricación, de todos os tipos que temos ensaiado ao longo de case trinta séculos. É, ademáis, un libro de viaxes, desde os campos de batalla de Alexandre ata a biblioteca de Saraxevo e o laberinto subterráneo de Oxford no ano 2000. Un fío que une os clásicos co vertixinoso mundo contemporáneo. Desde Aristófanes ao fenómeno fan, á voz das mulleres e á posverdade

tamén en GALICIA LE 

*Títulos dispoñibles na Biblioteca Central Rialeda  
e na Biblioteca "Rosalía de Castro" de Santa Cruz*



# CECILIA MONLLOR

recomenda



AGOSTO 2020

Coordinadora dos Clubs de Lectura da Biblioteca Rialeda


## Biografía para comprender dous mundos

# 5

Theodor Kallifatides

**Otra vida por vivir**

Traducción del griego moderno  
de Selma Ancira



Galaxia Gutenberg

Theodor Kallifatides toma a difícil decisión de vender o seu estudo de Estocolmo, onde traballou durante décadas, e retirarse. Viaxa á súa Grecia natal coa esperanza de recuperar a fluidez perdida da linguaxe. Kallifatides explora a relación entre vida e traballo, e como reconciliarse co envellecemento. Pero tamén se ocupa das tendencias preocupantes da Europa contemporánea e do seu amado país maltratado

**tamén en GALICIA LE**

## Relatos para todos os gustos

# 6

JEFFREY EUGENIDES

**Denuncia  
inmediata**




ANAGRAMA  
Panorama de narrativas

Jeffrey Eugenides, que ten amosado en tres notables novelas –"Las vírgenes suicidas", "Middlesex" e "La trama nupcial"– a súa capacidade para afondar na complexidade das relacións humanas, continúa a súa exploración nesta atraínte colección de contos. Atopámonos aquí con homes e mulleres que se enfrontan ao seus medos, toman decisións con vehemencia e adéntranse en territorios descoñecidos

**tamén en GALICIA LE**

*Títulos dispoñibles na Biblioteca Central Rialeda  
e na Biblioteca "Rosalía de Castro" de Santa Cruz*



# CECILIA MONLLOR

recomenda




AGOSTO 2020

Coordinadora dos Clubs de Lectura da Biblioteca Rialeda

## Outras formas de novelar

# 7




De Newcastle a Cornualles, desde o século vinte ata o vinteún, seguimos a doce personaxes nas súas viaxes persoais por Gran Bretaña á procura dun pasado compartido, un futuro inesperado, un lugar ao que chamar fogar, unha raiola de esperanza...

Premio Booker 2019

## O "Novelón"

# 8



Nun mencer de 1945 un neno é conducido polo seu pai a un misterioso lugar oculto no corazón da cidade vella: O Cimiterio dos libros Esquecidos. Alí, Daniel Sempere atopa un libro maldito que vai mudar o rumbo de súa vida e que o arrastrará a un labirinto de intrigas e segredos agochados na alma escura da cidade

Premio ao Mellor Libro Estranxeiro en Francia no ano 2004

tamén en GALICIA LE 

*Títulos dispoñibles na Biblioteca Central Rialeda  
e na Biblioteca "Rosalía de Castro" de Santa Cruz*